

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000051.**

**Excm. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones o vindeiro **mércres día 29 de novembro de 2023, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

**ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**

**LICENZAS URBANÍSTICAS**

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE ALPENDRE PARA A GUARDA DE APEROS DE LABRANZA NO LUGAR DE LEIRA DO TOXO, PARROQUIA DE SANTA MARÍA ALTA (Exp: 342/2018).

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA A DEMOLICIÓN TOTAL DE DÚAS EDIFICACIÓNS EN RONDA DA MURALLA NÚMEROS 37 E 38 (EXP: 2022/Y001/000302).

3. DECLARACIÓN DE CADUCIDADE POR CAUSA DE INCUMPRIMENTO DOS PRAZOS, DA LICENZA URBANÍSTICA 352/2012, OUTORGADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 29 DE FEBREIRO DE 2012, PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS NA EDIFICACIÓN SITA NA RONDA DA MURALLA, NÚMERO 84, (2023/Y008/000008).

**XESTIÓN URBANÍSTICA**

4. PAGO DO PREZO XUSTO DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS CON MOTIVO DA "EXPROPIACIÓN POR MINISTERIO DE LEI DA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL NÚMERO 6837075PH1663N0001B, SITA NA RÚA AMIZADE", EXPEDIENTE NÚMERO 1015/2022 DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA.

**FACENDA LOCAL**

5. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. RENUNCIA Á LICENZA URBANÍSTICA, PROCEDIMENTO 2020/Y001/000211, OUTORGADA PARA CONSTRUÍR UNHA Balsa de Purín con cuberta, no lugar de Aldea de Abaixo número

## **ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refº: ispac776297951462125945.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-11-2023

8 - RUBIÁS.

6. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA INSTALACIÓN DE DISTRIBUCIÓN POLO MIÚDO DE PRODUTOS PETROLÍFEROS, EN RÉXIME DESATENDIDO, CON TRES SURTIDORES QUE CONTAN CADA UN CON DOUS DISPENSADORES PARA GASÓLEO E DOUS PARA GASOLINA 95, NA RÚA DO ARCO, ESQUINA ESTRADA N-VI.

### **CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

7. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NO CEI-NODUS-ESPAZO>LAB (LOTE 2). (EXP. REF. 7-2018) (TECOL 2020/C003/000050). 4ª PRORROGA DENDE O 03/10/2023 ATA O 02/10/2024 COMO MÁXIMO OU BEN ATA A ENTRADA EN VIGOR DO NOVO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SEGURIDADE NOS CENTROS.

8. CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN POLICIAL INTEGRAL PARA UTILIZACIÓN DA POLICÍA LOCAL DENTRO DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO (EDUSI) EXP REF. 2023/C004/000027. RECURSO DE REPOSICION INTERPOSTO CONTRA ACTO DA MESA DE CONTRATACIÓN DE EXCLUSIÓN DO PROCEDEMENTO.

9. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN E ASESORAMENTO DE SEGUROS. EXPTE. REF. 2023/C003/000030. ADXUDICACIÓN.

### **FOMENTO**

10. CONVENIO LUGO MONUMENTAL. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E CAIXABANK PARA A CELEBRACIÓN DA CARREIRA LUGO MONUMENTAL 2023.

### **PERSOAL**

11. RESOLUCIÓN CONVOCATORIA PÚBLICA DA COBERTURA, EN COMISIÓN DE SERVIZOS DE 7 POSTOS DE POLICÍA LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

12. ADSCRIPCIÓN TEMPORAL POR MOTIVOS DE SAÚDE AO POSTO DE CELADOR DE DEPORTES-ANTONIO FERNÁNDEZ SAAVEDRA.

### **MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

### **ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarlo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,**